

## **MOCIÓN SOBRE ADHESIÓN AO PROGRAMA “CIDADES AMIGAS DA INFANCIA”.**

PLENO 31 MARZO 2016. ACTA 0004/2016

Moción do grupo municipal AER o día 18/01/2016 con número 595 que se transcribe a continuación:

“O Programa Cidades Amigas da Infancia, liderado por UNICEF Comité Español, ten como obxectivo xeral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos dos Nenos (ONU, 1989), da cal o noso Estado é signatario, no ámbito dos Gobernos Locais.

O Programa promove a creación de plans locais da infancia e adolescencia, así como a participación cidadá dos nenos na vida municipal; impulsa todo tipo de políticas municipais tendentes a favorecer o desenvolvemento dos dereitos da infancia e a adolescencia e dinamiza a colaboración cidadá e a coordinación institucional, como vías para facilitar a mellora continua e o desenvolvemento destas políticas.

O Programa Cidades Amigas da Infancia púxose en marcha en España no ano 2001 e conta co apoio do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Federación Española de Municipios e Provincias.

A través do Selo de Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia, UNICEF Comité Español recoñece aos pobos e cidades que cumpren cos requisitos establecidos a tal efecto, que se recollen no documento de directrices Guía de Xestión do Selo CAI, que acompaña a esta moción.

Considerando que o Programa CAI e o Selo de Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia favorecerán os intereses da poboación en xeral e da infancia en particular; considerando, ademais, que o noso concello cumpre cos requisitos estipulados; e manifestando a nosa vontade de contribuír activamente á difusión e aplicación da Convención sobre os Dereitos dos Nenos na nosa localidade; a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello os seguintes acordos:

- a) Solicitar a UNICEF Comité Español que Redondela sexa “concello aliado”, co propósito de avanzar, en diálogo con UNICEF, cara a obtención futura do Selo de Recoñecemento “Cidade Amiga da Infancia”.
- b) Contar co seu posterior apoio e colaboración para o desenvolvemento, a mellora continua e a innovación das políticas da infancia e adolescencia no noso concello”

### ***VOTACIÓN E ACORDO.-***

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeGPSOE, 4 de AER, 1 do BNG).